



## IGAXES

### EQUIPAMENTO

9 Oficinas  
6 Vivendas tuteladas  
2 vivendas asistidas

### PERSONAL

90 persoas traballando en prol da infancia e a xuventude

2500 nenas, nenos, mozas e mozos atendidos cada ano

**Traballamos para acabar coas desigualdades froito das diferenzas socioeconómicas das nenas, nenos e xuventude en risco. Aspiramos a unha sociedade na que ningunha crianza se vexa privada de futuro por nacer en desvantaxe.**

## Intervención

Facemos intervención con nenas, nenos, e mocidade en risco, pero tamén coas súas familias e coa escola. Ademais, propiciamos e fortalecemos redes na comunidade.

## Xeración de coñecemento

A alianza co mundo universitario permítenos sistematizar de xeito académico e rigoroso o coñecemento que parte da intervención, permitindo mellorar a intervención futura.

## Incidencia política

Tras o traballo previo, obtemos as chaves para facer propostas de mellora que incidan directamente na nosa intervención; procurando alianzas con todos os axentes implicados.

## Temos un modelo

Cando unha persoa pasou por todas as fases da exclusión, esta pode transmitirse ás súas fillas e fillos. Como media, unha familia en situación de pobreza tarda ata catro xeracións en saír dela (OCDE 2018).

Para que a roda deixe de xirar, temos un modelo: arredor de cada nena e de cada neno, construímos un anel de apoio desde a infancia ata a idade adulta.

Un anel no que a persoa está sempre no centro e con apoio permanente en catro áreas:

- Familia
- Educación
- Emprego
- Comunidade

